

Estamos inmersos nun dilatado contexto socioeducativo de complexidade crecente, definido ás veces por inercias permanentemente reproducidas e problemáticas diversas e mesmo aparentemente irreducibles, que esixen de solucións didácticas tan complexas coma imaxinativas, materializadas en prácticas innovadoras, experiencias estimulantes e materiais educativos renovadores. Un contexto que demanda ás nosas escolas, ós nosos profesionais, e ós nosos centros e comunidades educativas a posta en xogo do seu máximo enxeño e creatividade, do seu máis esixente e comprometido fluxo de enerxía, habelencia e ilusión, a prol da mellora das condicións e calidade da educación, no seu sentido máis amplo e ambicioso.

Froito desa fonda convicción e da asunción dun compromiso ineludible por parte dalgúns dos profesionais que configuran o vasto universo da educación, no noso país teñen xurdido nos últimos anos unha serie de experiencias didácticas valiosas, de moi diversa índole e entidade. Trátase dun conxunto de iniciativas –amplamente recoñecidas e premiadas en diferentes certames– que demostran o talento e bo facer de tantos educadores e educadoras galegos/as e que, sen embargo, poden seguir a ser grandes descoñecidas na praxe dos nosos centros. De aí que consideremos preciso darlles voz a aqueles/as que se atreven a rachar coa rutina do cotiá e a afrontar con decisión os desafíos que depara o futuro e presente da educación en Galicia.

Conscientes de que, hoxe en día, os educadores e educadoras dos múltiples niveis do ensino precisamos dese pulo necesario e inspirador que nos axude a revisar criticamente as nosas prácticas e a reformular, de ser preciso, o noso propio labor, nace este V Congreso de Materiais Didácticos, como espazo de reflexión que xorde con vocación difusora e impulsora de espíritos críticos, construtivos e comprometidos co cambio necesario.

COORDINADORES:

- María Monserrat Castro Rodríguez, Helena Zapico Barbeito, Xesús Rodríguez Rodríguez.

- Dpto. de Educación e Xuventude (Concello de Santiago)

COLABORADORES:

Ana Castro Rodríguez, Covadonga Avello García, Rosa María Vicente Álvarez, Eva María Barreira Cerqueiras, Raquel Mariño Fernández, Carmen Denébola Álvarez Seoane, Rocío García Pazos, Héctor M. Rodríguez Caggio, Xiana Lastra Pernas

OBXECTIVOS

- ▶ Impulsar a necesaria difusión de experiencias e materiais didácticos innovadores concibidos, promovidos e implementados nos últimos anos dende moi diversos colectivos de carácter educativo: grupos de investigación, centros educativos, concellos, colexios profesionais, movementos de renovación pedagóxica... dando a coñecer proxectos didácticos de recoñecida valía e calidade –premiados en diferentes certames– e procedentes de múltiples contextos galegos.
- ▶ Reavivar o debate en torno ós calidoscópicos significados e as vastas implicacións que trae consigo o concepto de innovación educativa na actualidade, suscitando a súa análise e rigorosa revisión, dende unha perspectiva crítica e realista, afincada no fértil terreo da práctica reflexiva.
- ▶ Erixirse en espazo e oportunidade de encontro heteroxéneo para tódolos profesionais dos diferentes niveis do ensino e de tódalas posibles procedencias, contextos e eidos de especialización e intervención, tomando como punto de partida a análise dunha escolma de experiencias educativas relevantes e significativas.
- ▶ Constituírse en fonte de reflexión e mesmo inspiración para os profesionais da educación no noso país, promovendo a creación autónoma de recursos educativos e materiais didácticos propios adaptados ás idiosincrásicas necesidades contextuais de cada contorno comunitario específico.

DESTINATARIOS

Profesorado dos diferentes niveis do ensino (infantil, primaria, secundaria) e parados

V Congreso de materiais


Materiais e recursos didácticos innovadores (II)

6 de Novembro de 2010

Facultade de Ciencias da Educación (Campus Sur)

13 e 20 de Novembro de 2010

Sala de Conferencias - Fundación Caixa Galicia
Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19)



Organiza:



Colabora:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FUNDACIÓN CAIXA GALICIA



sábado 6 de novembro

mañá

9:00

Recepción de participantes e entrega de documentación

10:00

Acto de apertura

10:30-12:00

Conferencia Inaugural
Materiais didácticos e innovación na práctica educativa
Rafael Porlán Ariza

12:00-13:00

Materiais e Recursos didácticos de Climántica
Francisco Soñora

13:00-14:00

Materiais didácticos no Parque Eólico-Experimental (Sotavento-Xermade)
Laura Río Fernández
Manuel Díaz Fernández

tarde

16:00- 17:30

Proxecto
A animación con plastilina. Outra forma de traballar os valores
Xoán Xosé Lorenzo Lourido

17:30-18:15

Orffan Rock. Propostas e materiais didácticos para orquestras Orff en diferentes contextos educativos
Xiao Somoza Rodríguez

18:15

Descanso

18:45-19:30

Centro europeo de recursos educativos dixitais EFELCREN
Beatriz Cebreiro

19:30-20:30

Guía de Recursos didácticos sobre o camiño de Santiago
Raquel Mariño Fernández,
Carmen Denébola Álvarez
Seoane, Rocío García Pazos e Xesús Rodríguez Rodríguez

sábado 13 de novembro

mañá

9:30-10:30

Proxecto documental: As meninas
Concha Couso Vázquez

10:30-11:30

Materiais didácticos innovadores en Educación Infantil: O conto dixital
Patricia Cinza Sanjurjo
Isabel Seijas Funcasta

11:30

Descanso

12:00-12:45

Os repositorios dixitais no traballo educativo: A experiencia de MOREA
Adriana Gewerc Barujel
Lourdes Montero Mesa

13:00-14:00

Creación de coñecemento e potenciación da creatividade a través dos medios audiovisuais dende o alumnado.
Manel Rives

tarde

16:30-17:30

Proxecto
ABC: Dislexia, Materiais didácticos para escolares con dificultades na lingüaxe escrita
Paula Outón Oviedo

17:30

Descanso

18:00-19:15

O calendario Tempo de Mulleres. Mulleres no tempo
Sonia Fernández Casal

19:30-21:00

O xoguete tradicional como material didáctico
Antón Cortizas

Contacto e información:

Enderezo e correo electrónico: neg@mundo-r.com

Tel./Fax: 981 562 577

Máis información en www.nova-escola-galega.org

sábado 20 de novembro

mañá

9:30-11:00

Achegas á comunidade do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia
Susana Mayo Redondo
Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia

11:00

Descanso

11:30-12:30

Unha cidade sustentable
Francisco Rodríguez Míguez

13:00-14:00

Aprender com o pasado, innovando
Margarida Louro Felgueiras,
Anabela Amaral e Branca Santos

tarde

16:30- 17:30

Retos para unha época. Os ilustradores galegos 1880-1936
Juan Aguilar
M^a Mercedes Banqueres
José Ramón Iglesias

17:30: 18:30

Glosario de Artes Gráficas en Lingua de Signos Española
Carlos Correa e Tareixa Martínez

18:30

Descanso

19:00-20:30

O papel das bibliotecas escolares na elaboración dos materiais didácticos
Cristina Novoa
Pilar Sampedro

21:00

Acto de clausura, conclusións e entrega de diplomas

Inscrición:

- Ata o 28 de outubro: 80€ (50€ parados/as e 40€ membros de NEG.)
- Do 28 de outubro ao 3 de novembro: 90€ (60€ parados/as e 50€ membros de NEG.)

Deberase acreditar, no seu caso, a condición de parados/as ou membros de NEG.)

Ingresar na conta en CAIXA GALICIA:

Número de conta: 2091-0300-45-3040089500

Para formalizar a inscrición, enviarase cuberto o formulario de inscrición que se encontra no web (www.nova-escola-galega.org), xunto coa copia do ingreso bancario (no que figuren nome, apelidos e DNI), ó enderezo sinalado a continuación:

NOVA ESCOLA GALEGA

San Clemente, 18-baixo, 15.703 - Santiago de Compostela.

Tamén podes facer o envío por correo electrónico (neg@mundo-r.com)

Prazas: 60 (seleccionaranse segundo a orde de inscrición)

É posible solicitar axuda económica para a asistencia a esta actividade de formación segundo a Orde do 8 de xaneiro do 2010 (DOG do 11 de febreiro)

En trámite e homologación por un total de 24 horas por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.